



1. Poderán participar tódolas alumnas e alumnos do Colexio que o desexen, dende 5º de Educación Primaria ata 2º Bacharelato, agrupados nas seguintes categorías:

- I. Educación Primaria: 5º e 6º.
- II. Educación Secundaria: 1º, 2º 3º.
- III. Educación Secundaria e Bacharelato: 4º, 1º e 2º de bacharelato.
- IV. Premio Filípides: Todo o alumnado.

2. O Concurso da Maratón consiste na contestación e entrega, de forma individual, das preguntas correspondentes á categoría á cal pertence o participante. Tamén é posible participar ao mesmo tempo na categoría Filípides entregando as preguntas das tres categorías.

3. A Maratón de preguntas será entregada ao profesor correspondente da área de Ciencias Sociais ou titor co se nome e curso correspondente. O alumno que participe en *Filípides* entregará as tres categorías xuntas; e, ademais, unha copia aparte da categoría á que pertence. Concursar en *Filípides*, non é excluínte con concursar na categoría propia.

4. Para poder participar no Concurso da Maratón NON é necesario ter respondido a tódalas preguntas.

5. Os traballos con maior número de respostas acertadas da Maratón terán os seguintes premios en cartos (no caso de empate haberá reparto de premios).

	I CATEGORÍA	II CATEGORÍA	III CATEGORÍA	IV CATEGORIA
1º Premio	60	60	60	70
2º Premio	50	50	50	60
3º Premio	40	40	40	50
4º Premio	30	30	30	40
5º Premio	20	20	20	30
6º Premio	10	10	10	20

Tamén haberá 20 premios de 5 euros que se entregarán a sorteo entre os participantes do Maratón (deben ter, alomenos, a metade das preguntas contestadas correctamente).

6. As respostas do Concurso Maratón serán realizadas na folla oficial preparada a tal efecto e que estará a disposición de tódolas alumnas e alumnos. Pódense consultar as preguntas na páxina web do Colexio e na plataforma Moodle.

7. O prazo de entrega do Concurso Maratón remata o día 20 abril, venres, ás 14:00. A relación dos traballos premiados estarán expostos nunhas follas nos corredores dos distintos ciclos e cursos. Os alumnos agraciados cos primeiros premios recibirán o sobre no Acto de entrega de premios colexiais que organiza a ANPA o 9 maio, mércores. O resto recibirán os premios na aula.

8. O feito de participar no Concurso Maratón presupón a aceptación das normas do mesmo.